



D. Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163, actuando en nome e representación da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL, asociación inscrita co nº 584.918 no Rexistro Nacional de Asociacións. **En relación co proxecto de construción dun parque eólico no parque eólico Acibal, na provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2010/6-4).**

EXPÓN:

- Que a disposición dos accesos é excesiva, sendo suficiente un único acceso pola marxe do Este para evitar os efectos negativos que suporía a ampliación e trazado dos da marxe Oeste. Nas pistas que rodean actualmente as brañas morren moitas especies protexidas por atopelo e a área está parcialmente pechada por construción doutra estrada.

- Que nos planos do informe de impacto medioambiental non se indica a ubicación dos pasos de fauna, sendo imprescindible a construción de pasos destinados para hérxpetos no entorno das brañas.

- Que nas brañas de Amil e arredores inmediatos atópanse diversas especies protexidas pola lexislación de aplicación ou de interese local. Anfibios: *Lissotriton helveticus*, *Triturus marmoratus*, *Lissotriton boscai*, *Salamandra salamandra*, *Rana iberica* (catalogada como vulnerable Vu A2 ce Categoría en España), *Pelophylax perezi*, *Hyla arborea* (catalogada case ameazada NT. Categoría en España), *Discoglossus galganoi*, *Bufo bufo*, *Bufo calamita*; réptiles: (*Podarcis bocagei*, *Lacerta schreiberi*, *Timon lepidus*, *Anguis fragilis*, *Chalcides striatus*, *Natrix natrix*, *Natrix maura*, *Malpolon monspessulanus*, *Coronella austriaca*, *Coronella girondica*, *Vipera seoanei*); macromamíferos: (*Canis lupus*, *Vulpes vulpes*, *Meles meles*, *Lutra lutra*, *Sus scrofa*, *Capreolus capreolus*, *Orictolagus cuniculus*); herbáceas (*Drosera rotundifolia* e *Arnica montana*).

- Que consideramos que o proxecto de liña de alta tensión nesta zona (Proxecto denominado L.A.T. 66 KV TIBO SAN JORGE, promovido por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., (CLAVE: 2009/0206) é subsidiario do proxecto de parque eólico. De feito esta liña de alta tensión prevé comunicar a presa hidráulica de San Xurxo de Sacos coa subestación de Tibó (Caldas de Reis). De ser este o único motivo do seu trazado, pasaría uns dez km máis ó Norte, evitando a Serra do Acibal. polo que a súa división en dous diferentes proxectos pode conculcar a normativa vixente. Polo tanto consideramos que o Informe de Impacto Medioambiental debe abranguer á liña de alta tensión. Dita liña tampouco figura no Informe de Impacto Visual do parque eólico. .../...

.../...



* Neste senso, o 19 de santos de 2009 emitiuse resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se adoptaba a decisión de non someter a avaliación de Impacto Ambiental o proxecto denominado L.A.T. 66 KV TIBO SAN JORGE, promovido por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. (CLAVE: 2009/0206). Nos motivos para dictar esta resolución estaban:

- *Uns 100 metros ao sur do punto de remate da liña (subestación de San Jorge, existente) discorre o río Lérez, que neste treito ostenta a categoría Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), tratándose do espazo protexido máis próximo, que non resulta afectado pola liña.*

- *Un dos elementos fundamentais na análise dos potenciais impactos do proxecto é que se considera que “boa parte do trazado (en torno ao 70 %) discorre por terreos de natureza forestal dedicados exclusivamente a repoboación, sendo as principais especies obxecto de explotación o eucalipto e o piñeiro. O resto do trazado discorre por terreos de natureza agrícola (cultivos de regadío, vid e árbores froiteiras). Dado que, segundo se sinala na documentación achegada, a traza non afecta a frondosas autóctonas (case inexistentes na área) e esquiva perfectamente as distintas teselas de hábitats naturais identificadas na zona (efectuando tan só un cruzamento sobre unha formación de breixeiras secas europeas, no cal o apoio implicado sitúase na marxe dunha devasa existente), a afección sobre a vexetación pola apertura de accesos, colocación dos apoios ou apertura da rúa de seguridade non se considera relevante.”*

* Que por outra banda a Directiva 97/11/CE que modifica a Directiva 85/337/CEE sobre avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o Medio Ambiente (DIARIO OFICIAL N° L 073 DE 14/03/1997 P. 0005 - 0015), recolle no seu anexos I e II os proxectos suxeitos ó artigo 4º do citada Directiva 97/11/CE. (ANEXO I, punto 20. Construcción de líneas aéreas de enerxía eléctrica con un voltaje igual o superior a 220 kV y una longitud superior a 15 km. ANEXO II, punto 3. 3. Industria energética (i.- Instalaciones para la utilización de la fuerza del viento para la producción de energía (parques eólicos)).

* Que igualmente o concepto de «fraccionamento de proxectos» aplícase propiamente as situacións nas que un proxecto, que doutro xeito, requeriría unha avaliación de impacto ambiental (EIA), frágntase en diferentes componentes que, por separado, no están sometidos ó mesmo. Isto xa provocou que o tribunal de Xustiza das Comunidades

.../...

.../...

Europeas (TXCE) abordase este tema. Como lembra a Sentencia do 10 de nadal de 2009 (número 53), «*el objetivo de la Directiva 85/337 no puede eludirse mediante el fraccionamiento de un proyecto*»: «*el hecho de que no se considere el efecto acumulativo de varios proyectos no debe tener como consecuencia práctica que se sustraigan en su totalidad a la obligación de evaluación cuando, considerados conjuntamente, puedan tener “efectos significativos en el medio ambiente” en el sentido del artículo 2, apartado 1, de la Directiva 85/337*» De acordo co anterior, se un determinado proxecto forma parte inseparable doutro proxecto superior debe someterse a avaliación de impacto como parte dun proxecto global, e non pode evitarse, polo tanto, o control ambiental polo feito de que unha parte non alcance os requisitos de sometemento obrigatorio ó EIA

* Que considerando os espazos sensibles polos que cruzará a liña de alta tensión e que non foron tidos en conta no informe de impacto medioambiental do parque eólico, en concreto ás fragas de A Picota e tamén, pola proximidade á fraga de San Mamede de Amil, ambas masas forestais autóctonas considerables, dunha extensión que iguala ou supera as 50 Ha en cada caso, por tanto únicas no entorno das Rías Baixas (Ver fotografías, cortesía da Asoc. Lobo).



.../...

.../...

Nunha relación somera das especies animais e vexetais presente temos: árbores



(*Quercus robur*, *Fraxinus excelsior*, *Fraxinus angustifolia*, *Betula celtiberica*, *Alnus glutinosa*, *Corylus avellana*, *Ilex aquifolium*, *Pyrus cordata*, *Laurus nobilis*), Anfibios (*Salamandra salamandra*, *Rana iberica* (vulnerable Vu A2 ce Categoría en España), *Chioglossa lusitanica* (catalogada vulnerable VU A2c (Categoría mundial), macromamíferos (cría de lobo, a presenza de lobos na serra do Acibal tamén se atopa citada no Plan de Xestión do Lobo (Xunta de Galicia 2006), gato bravo (*Felis sylvestris*) e corzo (*Capreolus capreolus*).

* Que considerando que o proxecto de alta tensión é parte inescindible do proxecto eólico para o transporte da enerxía producida e que polo tanto o informe de impacto medioambiental ten unha grave carencia ó non considerar entre os hábitats ás fragas da serra do Acibal e que se verán afectadas moi seriamente pola liña de alta tensión que, segundo o proxectado, debería de pasar exactamente por riba da fraga da Picota, prexudicando seriamente á biodiversidade da serra e da bisbarra. Isto acarreará unha perda importantísima de biodiversidade, que en especies legalmente protexidas superaría o 50%, límite que fai inaceptable o proxecto, tal como reza no propio Informe de Impacto Medioambiental.

Por todo o anterior.

.../...



.../...

SOLICITA:

- Que se teña por presentado o presente escrito e se dea resposta ó mesmo.
- Que se estableza un único acceso ó parque eólico dende a estrada de Ponte Bora a Moraña. A comunicación coa estrada a Barro, pecharía as brañas de Amil. Trátase dun ecosistema sensible e rico en anfibios, que xa foron parcialmente pechadas cunha estrada polo sur, prexudicando á fauna e ó gando.
- Que na apertura de novos camiños, onde sexa necesario colocar pasos canadienses para o gando, estes estean provistos de saídas para a fauna que caen dentro, así como unha drenaxe axeitada.
 - Que dada a relación de ambos proxectos, e aínda que fora emitida a resolución favorable sobre a liña de alta tensión, e a singularidade da zona, sexan rexeitados ámbolos dous proxectos.
 - Que no defecto de non ser considerada a solicitude de desestimación destes dous proxectos, deben tomarse medidas para evitar o paso da liña de alta tensión no seu actual trazado, así como as complementarias para a protección da fauna e flora afectada polo trazado da liña e a instalación do parque eólico. Así como a realización dun novo Informe de Impacto Medioambiental e outro de Impacto Visual, que consideren a unidade indivisible do proxecto Parque Eólico - Liña de Alta Tensión, xa que na resolución de data 19/11/2009, da secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, adoptouse a decisión de non someter a Avaliación de Impacto Ambiental o proxecto L.A.T. 66 KV TIBOSAN JORGE (CLAVE: 2009/0206).

Agradecendo de antemán a atención prestada.

Vilagarcía, a trinta e un de nadal de 2011.

O Delegado de SGHN-Pontevedra

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.
DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS.
SANTIAGO DE COMPOSTELA**